

# CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA II, SAF 2020 (1º semestre)

## 1.- PERSOAS DESTINATARIAS

Persoal das entidades locais que asinen o Plan agrupado de formación continua 2020:

- Deputación Provincial da Coruña
- Concellos de:

A Baña, A Capela, A Laracha, A Pobra do Caramiñal, Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, As Pontes de García Rodríguez, As Somozas, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, Carballo, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbriá, Fene, Ferrol, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugaridos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noia, O Pino, Oleiros, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Valdoviño, Val do Dubra, Vedra, Vilasantar, Vilarmaior, Vimianzo, Zas.

- Outras entidades locais:

Consortio das Mariñas, Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, Mancomunidade Arousa-Norte, Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes, Consorcio para a Promoción do Turismo, Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

## 2.- SOLICITUDES

As solicitudes deberán encherse e presentarse na plataforma Subtel. Para acceder a esta plataforma é requisito imprescindible ter unha conta de correo corporativa activa no Directorio público local. De non tela, solicítela na súa entidade a través dos representantes de Administración electrónica ou ben dos interlocutores de formación.

Unha vez de alta no Directorio, ten que ver a oferta de cursos na páxina web de formación. Nesta páxina atopará tamén toda a información relativa ao procedemento para solicitar a inscrición no curso ou cursos que sexan do seu interese.

Non se admitirán solicitudes presentadas en papel. Se non está de alta no Directorio público local, solicíteo o máis axiña posible, xa que a alta pode demorarse un pouco.

Cada usuario/a unicamente poderá presentar por Subtel a súa solicitude persoal. Este ano a plataforma xa non permite a presentación de solicitudes doutros traballadores/as, polo tanto, as persoas que non estean dadas de alta no Directorio Público Local non poderán participar no Plan de formación agrupado 2020.

**O prazo para presentar as solicitudes, remata o venres 17 de abril.**

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso e á imposibilidade de participar en calquera outro desta anualidade.

Para calquera información relativa ao Plan de formación 2020, poden contactar coa Sección de Formación da Deputación da Coruña por correo electrónico ([formacion@dacoruna.gal](mailto:formacion@dacoruna.gal)).

Antes do inicio das accións formativas, os solicitantes recibirán un correo electrónico comunicándolles os cursos nos que foron admitidos. As persoas admitidas e que por circunstancias sobrevidas non poidan realizalo, deben comunicalo o máis axiña posible mediante un escrito dirixido á Sección de Formación (correo ordinario, electrónico), para que outra persoa poida ocupar a súa praza.

Ao tratarse de cursos en liña, os interesados deberán asegurarse de que o seu equipo informático reúne os requisitos, tanto de hardware como de software, que figuran na ficha do curso antes de solicitalo.

As persoas de entidades diferentes a Deputación da Coruña, que non sexan funcionarios/as de carreira ou laborais fixos/as, deberán acreditar que o primeiro día de cada curso no que participen estaban de alta na entidade local correspondente. Para iso subirán a Subtel, no apartado "Documentación adicional", copia da cabeceira da nómina do mes correspondente, ou calquera outro documento que acredite a súa condición de traballador/a da entidade local. Non se entregará certificado de asistencia a quen non presente a correspondente xustificación. Así mesmo, quen non teña presentada a documentación na primeira semana do mes seguinte ao inicio do curso, pode sufrir un retraso na expedición do seu diploma.

### 3.- SELECCIÓN

O persoal participante seleccionárase consonte cos seguintes criterios:

1.- Criterios específicos de cada curso. (Perfil do destinatario):

*Persoal de axuda no fogar e atención a dependencia. Se hai vacantes tamén poderán participar traballadores/as con persoas dependentes ao seu cargo.*

2.- Criterios xerais segundo a seguinte orde:

- Prioridade da elección establecida na solicitude.
- Apelidos e nome comezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "R" en sentido descendente.

A Deputación da Coruña resérvase a capacidade de engadir outros criterios, se fora necesario, para facer esta selección.

### 4.- RÉXIME DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A.- A totalidade dos cursos ofertados nesta convocatoria impartiranse en formato en liña. Para poder obter o certificado de asistencia aos mesmos deberanse realizar todas as leccións, test e probas das que conste a acción formativa.

B.- As persoas admitidas e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan realizar o curso, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Formación. A Deputación valorará a admisión en futuros cursos, tanto deste ano como dos vindeiros, das persoas que non cumpran este requisito.

C.- A persoa admitida nun curso que non siga o programa de estudos establecido pola Sección de Formación poderá ser excluída deste, sendo substituída por outro alumno/a no seu lugar.

E.- Non se entregarán certificados ou diplomas de asistencia en formato papel senón que se terán que descargar da plataforma Subtel.

A Coruña, Abril de 2020.